

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

7755 *Real decreto 910/2012, do 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas.*

No título III, capítulo II, da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo de 2011, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, régulase o Consello de Persoal das Forzas Armadas, en diante o Consello de Persoal, establecendo que nel terá lugar a participación das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e a súa interlocución co Ministerio de Defensa. Concretamente, o seu artigo 47 establece que o Consello de Persoal terá a composición, funcións e réxime de traballo establecidos no citado capítulo e no seu desenvolvemento regulamentario, o cal tamén incluírá as normas que sexan precisas para determinar o procedemento e os prazos de designación e incorporación dos vogais representantes das asociacións que acreditaron as condicións requiridas legalmente. Así mesmo, a disposición derradeira décima da citada Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, dá un mandato ao Goberno para que regule o Consello de Persoal e estableza o calendario para a súa constitución.

Así, o real decreto contén un único artigo que aproba o Regulamento do Consello de Persoal, que se insire a continuación, e tres disposicións adicionais sobre os seus medios, as relacións coas asociacións profesionais e os seus representantes nas entidades de previsión social e asistencial, unha transitoria que regula o seu calendario de constitución, unha derogatoria e dúas derradeiras mediante as cales se dan facultades de desenvolvemento ao ministro de Defensa e se establece a entrada en vigor.

En canto á estrutura do regulamento que se aproba, no seu capítulo I establécense as disposicións xerais relativas ao Consello de Persoal, e ás súas competencias e composición. No seu capítulo II régulase o relativo aos membros do Consello de Persoal, delimitándose a duración do seu mandato ou a súa renovación, os deberes e dereitos dos seus membros, a perda da condición de membro do Consello de Persoal e o réxime de suplencias. No capítulo III régulanse especificamente as funcións do seu presidente, dos representantes e do secretario permanente. Por último, o capítulo IV dedícase ao réxime de traballo, regulando aspectos tales como o funcionamento en pleno ou por comisións, a comisión preparatoria, os diferentes tipos de sesións, a orde do día, o modo de deliberar e de tomar acordos e o réxime das actas.

No Consello de Persoal poderanse formular propostas ou suxestións en materias relacionadas co estatuto e a condición de militar, o exercicio dos dereitos e liberdades, o réxime de persoal e as condicións de vida e traballo nas unidades e, coa súa creación, dáse participación para que os militares, a través das súas asociacións, colaboren na determinación do seu réxime de persoal. Preténdese que esta nova vía de participación sexa un complemento adecuado á representación institucional que se exerce a través da cadea de mando militar e ao uso das canles legalmente previstas no artigo 28 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, para a presentación de iniciativas e queixas individuais polos membros das Forzas Armadas.

A especial natureza deste órgano administrativo fai preciso dotalo dun réxime xurídico específico que se contén integramente no presente regulamento, co que se dá cumprimento aos citados mandatos contidos no artigo 47 e na disposición derradeira décima da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, sendo unha das principais especialidades do dito réxime o relativo á adopción de acordos no seo do Consello de Persoal, que exige que estes se adopten por consenso unánime ao non se formular reparo por parte dalgún dos seus membros, reflectíndose así no informe que se elabore. De se formular algún reparo, o dito informe conterá as diferentes posicións reflectidas nas actas das reunións, conforme o disposto no artigo 50.6 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Tamén destaca,

respecto á composición do Consello de Persoal, que este estea integrado por igual número de representantes do Ministerio de Defensa e de representantes das asociacións que cumpran os requisitos legais, e establécese un representante por cada asociación. Por outro lado, determínase que o Consello de Persoal se actualizará de acordo cos datos que figuren nas declaracións responsables anuais que formulen as asociacións de conformidade coa Orde DEF/3217/2011, do 18 de novembro, pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas. Tamén contén a precisión de nomear representantes adicionais por parte das asociacións cando o número destas con representación no Consello de Persoal sexa inferior ao número mínimo de representantes do ministerio.

Este real decreto contén tamén unha disposición adicional relativa ao número de membros de órganos de goberno ou administración en entidades de dereito público e consorcios do sector público estatal en que participen representantes doutras administracións públicas, de organizacións representativas de intereses sociais ou persoas designadas polas especiais condicións de experiencia ou coñecementos en atención á natureza das funcións asignadas aos órganos da entidade.

Con esta disposición aténdese ás características deste tipo de órganos colexiados, a que fai referencia o artigo 22 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 39 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Trátase de aclarar a existencia dunha necesaria flexibilidade e autonomía na determinación do seu número de membros xa que, en moitas ocasións, este depende precisamente da súa peculiar composición. Agora ben, isto non debe supor a inaplicación do criterio de austeridade que, entre outros, motivou a aprobación do Real decreto 451/2012, do 6 de marzo, polo que en ningún caso será admisible que o número de membros que perciban indemnización por asistencias, axudas de custo e gastos de viaxe ou calquera outro tipo de indemnización ou compensación das previstas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, poida superar os límites a que se refire o artigo 6.2 do Real decreto 451/2012, en función do grupo en que se clasificou a entidade de que se trate.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas.*

Apróbase o Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. *Medios do Consello de Persoal das Forzas Armadas.*

A Subsecretaría de Defensa proporcionará os medios persoais, materiais e orzamentarios necesarios para o funcionamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, en diante o Consello de Persoal, sen que a súa posta en actividade supoña incremento do gasto público.

Disposición adicional segunda. *Relación coas asociacións profesionais.*

1. Nas súas relacións co Ministerio de Defensa as asociacións profesionais dirixiranse e recibirán información exclusivamente a través da Secretaría Permanente do Consello de Persoal regulada no regulamento que se aproba, sen prexuízo das accións que, fóra do ámbito deste ministerio, poidan exercer ao abeiro do previsto nos artigos 40.1.a), 40.2.b) e 40.2.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

2. Unha vez que as propostas, informes, solicitudes ou suxestións sexan recibidos na Secretaría Permanente, procederáse ao seu estudo e, no caso de que a asociación propoña o tema para ser debatido no Consello de Persoal, incluírase na correspondente orde do día, se o presidente o considera procedente.

3. Cando a asociación eleve unha proposta, solicitude ou suxestión e considere que non é necesario o seu debate no Consello de Persoal así o fará constar e neste caso a Secretaría Permanente do Consello de Persoal remitirá o asunto aos órganos directivos do Ministerio de Defensa ou de persoal dos correspondentes exércitos para a súa valoración.

A Secretaría Permanente do Consello do Persoal deberá notificar á dita asociación a resolución adoptada ou a resposta motivada á súa solicitude.

Disposición adicional terceira. *Entidades de previsión social e asistencial.*

1. Os vogais das asociacións que formen parte do Consello de Persoal elixirán, entre eles, ata tres representantes nos órganos de goberno ou dirección das mutualidades, asociacións e entidades de previsión social e asistencial cuxo ámbito de actuación inclúa membros das Forzas Armadas e as súas familias, cando así o prevexa a súa normativa específica.

2. Unha vez elixidos comunicaranos á Secretaría Permanente do Consello de Persoal para que esta dea traslado da dita elección ás correspondentes mutualidades, asociacións e entidades.

Disposición adicional cuarta. *Número de membros dos órganos de goberno ou administración de determinadas entidades.*

Nas entidades de dereito público e consorcios do sector público estatal en cuxos órganos de goberno ou administración participen representantes doutras administracións públicas, organizacións representativas de intereses sociais ou persoas a que se refire o número 3 do artigo 39 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, o número de membros dos ditos órganos será o que se determine nos estatutos, normas ou convenios polos que, en cada caso, se regulen. Non obstante, o número máximo de membros que perciban indemnizacións por asistencias, axudas de custo ou gastos de viaxe ou calquera outra indemnización ou compensación prevista no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, en ningún caso poderá superar os límites a que se refire o artigo 6.2 do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

Disposición transitoria única. *Calendario de constitución do Consello.*

1. No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa publicará os datos de efectivos das Forzas Armadas, indicados no artigo 4.2 do regulamento que se aproba, referidos ao día de entrada en vigor deste real decreto.

2. A partir do día seguinte ao da publicación da resolución contida no número anterior, as asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas poderán formular a súa declaración responsable, dispoñendo do prazo de dous meses para solicitar a inscrición da dita declaración no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

3. Finalizado o prazo de dous meses que figura no número anterior, as asociacións que non solicitasen a inscrición da súa declaración responsable non poderán formar parte do Consello de Persoal durante o ano 2012.

4. Unha vez efectuada a inscrición da declaración responsable, o subsecretario de Defensa, mediante resolución, comunicará á asociación que obtén representación no Consello de Persoal e que ten a posibilidade de nomear un representante e os seus suplentes.

5. A primeira sesión do Consello de Persoal das Forzas Armadas deberá ter lugar no prazo dun mes a partir da publicación da orde ministerial de nomeamento dos representantes no Consello de Persoal, a que se fai referencia no artigo 3.5 do regulamento que aproba este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 258/2002, do 8 de marzo, polo que se regulan os consellos asesores de persoal das Forzas Armadas, así como todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ou contradigan o previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Habíltese o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE

REGULAMENTO DO CONSELLO DE PERSOAL DAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais*Artigo 1. Consello de Persoal das Forzas Armadas.*

1. O Consello de Persoal das Forzas Armadas, en diante o Consello de Persoal, é o órgano en que ten lugar a participación das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e a súa interlocución co Ministerio de Defensa, en materias relacionadas co estatuto e condición de militar, o exercicio dos dereitos e liberdades, o réxime de persoal e as condicións de vida e traballo nas unidades.

2. O Consello de Persoal adscribirase á Subsecretaría do Ministerio de Defensa.

Artigo 2. Funcións do Consello de Persoal.

1. O Consello de Persoal realizará as seguintes funcións:

a) Recibir, analizar e valorar propostas ou suxestións formuladas polas asociacións profesionais independentemente de que estean representadas ou non no Consello de Persoal.

b) Ter coñecemento e ser oído sobre as seguintes cuestións:

1.^a Establecemento ou modificación do estatuto profesional e do réxime disciplinario das Forzas Armadas.

2.^a Determinación das condicións de traballo.

3.^a Réxime retributivo.

4.^a Plans de formación e perfeccionamento do ensino nas Forzas Armadas.

5.^a Réxime de permisos, vacacións e licenzas.

6.^a Plans de previsión social complementaria.

7.^a Asuntos que afecten outros aspectos sociais, profesionais e económicos dos militares.

c) Emitir informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación, sobre as disposicións legais e os seus desenvolvementos regulamentarios que se diten sobre as materias citadas nos subpuntos anteriores.

d) Recibir información trimestral sobre política de persoal.

e) Coñecer as estatísticas trimestrais sobre o índice de absentismo e as súas causas, os accidentes en acto de servizo e enfermidades profesionais e as súas consecuencias e sobre os índices de sinistralidade, así como os estudos periódicos ou específicos que se realicen sobre condicións de traballo.

f) As demais que lle atribúan as leis e disposicións xerais.

2. O Consello de Persoal analizará e valorará aquelas outras cuestións que, dentro do seu ámbito de competencia e funcións, lle poida someter á súa consideración o ministro de Defensa.

3. Quedan excluídas do ámbito de actuación do Consello de Persoal as materias relacionadas con decisións de política de seguridade e defensa, co planeamento e desenvolvemento dos exercicios ou operacións militares e o emprego da forza.

Artigo 3. Composición do Consello de Persoal.

1. O Consello de Persoal presídeo o ministro de Defensa e cando non asista farao o subsecretario de Defensa. Estará constituído por representantes das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas que cumbran os requisitos do artigo 48.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas

Armadas, e representantes do Ministerio de Defensa, en igual número por ambas as partes.

2. As competencias que neste regulamento se asignan ao presidente do Consello de Persoal poderaas exercer o subsecretario de Defensa cando así o determine o ministro de Defensa.

3. Os representantes do Ministerio de Defensa serán, polo menos, os seguintes: o subsecretario de Defensa, se non preside o Consello de Persoal; o director xeral de Persoal, e os mandos ou xefe de Persoal dos Exércitos. En todo caso, o número mínimo de representantes do ministerio será de cinco.

4. Por cada asociación profesional que cumpra os requisitos previstos no artigo 48.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, acudirá ao Consello de Persoal un representante que cumpra co previsto no artigo 43 da citada lei orgánica.

Cada asociación poderá nomear dous suplentes do seu representante no Consello de Persoal, que deberán cumprir os mesmos requisitos que o titular.

5. A composición do Consello de Persoal actualizarase de acordo cos datos que figuren nas declaracións responsables anuais que formulen as asociacións. O nomeamento ou cesamento dos representantes e dos seus suplentes, tanto do Ministerio de Defensa como das asociacións profesionais, efectuarase mediante orde ministerial publicada no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». Esa publicación terá lugar tras a inscrición dos representantes das asociacións no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

Artigo 4. *Requisitos das asociacións profesionais representadas no Consello de Persoal.*

1. Para que unha asociación profesional de membros das Forzas Armadas poida formar parte do Consello de Persoal deberá acreditar as porcentaxes de afiliados previstas no artigo 48.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

2. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa publicará os datos de efectivos a que alude o mencionado artigo 48.2, referidos ao 31 de decembro de cada ano.

3. A acreditación citada no número 1 anterior realizarase mediante a inscrición no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas da declaración responsable prevista no artigo 36.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, referida ao 31 de decembro do ano anterior.

4. Unha vez efectuada a inscrición da declaración responsable correspondente ao ano en curso, o subsecretario de Defensa, mediante resolución, comunicará á asociación que continúa con representación no Consello de Persoal, que cesa a súa representación ou, no caso de que sexa a primeira vez que obtén representación no Consello de Persoal, a posibilidade de nomear un representante e os seus suplentes no Consello de Persoal.

5. A declaración responsable producirá os efectos contidos neste artigo durante o ano a que se refire e desde o momento en que se notifique a resolución a que se fai referencia no número anterior, todo isto sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que correspondan ao Ministerio de Defensa, de acordo co indicado no artigo 71 bis, número 3, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Para o suposto de que a Administración comprobe a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, da declaración responsable formulada ou a non presentación da declaración ante o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, a asociación deixará de estar representada no Consello de Persoal de conformidade co artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Esta circunstancia notificarase á correspondente asociación, seguindo os trámites e procedementos previstos na dita lei, mediante resolución do subsecretario de Defensa en que indicará a data a partir da cal deixa de estar representada no Consello de Persoal.

Artigo 5. Representantes das asociacións profesionais no Consello de Persoal.

1. Unha vez que o subsecretario de Defensa comunique a resolución a que fai referencia o número 4 do artigo anterior, o órgano competente da asociación designará o seu representante no Consello de Persoal e dous suplentes. O dito representante e os seus suplentes deberán ser membros de pleno dereito da asociación.

2. Dentro do prazo dun mes desde a notificación da resolución do subsecretario de Defensa á asociación, esta deberá solicitar ante o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas a inscrición da designación do representante e dos seus suplentes ante o Consello de Persoal, salvo que xa figurasen inscritos no dito rexistro.

3. Unha vez verificado o cumprimento por parte dos designados dos requisitos legais e, en particular, do réxime de incompatibilidades, o Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas procederá a inscribir esta designación de conformidade coa súa normativa de aplicación.

Artigo 6. Representantes do Ministerio de Defensa no Consello de Persoal.

1. Os representantes do Ministerio de Defensa no Consello de Persoal serán, como mínimo, os indicados no artigo 3.3, e incrementaranse nos necesarios para, se é o caso, alcanzar o mesmo número que os representantes das asociacións profesionais.

2. Os representantes do Ministerio de Defensa e os seus suplentes serán nomeados polo ministro, por proposta do subsecretario, e na súa designación procurarase atender ao principio de presenza equilibrada de xénero.

CAPÍTULO II

Dos membros do Consello de Persoal das Forzas Armadas

Artigo 7. Dereitos dos representantes das asociacións profesionais no Consello de Persoal.

Os representantes das asociacións profesionais no Consello de Persoal e os seus suplentes terán os seguintes dereitos:

a) A se expresaren libremente no exercicio das súas funcións baixo os principios de independencia e responsabilidade e a non seren discriminados na súa promoción profesional en razón do desempeño da súa representación.

b) A disporen de créditos de tempo para o exercicio das súas funcións na preparación dos temas, elaboración de propostas e posible pertenza a grupos de traballo do Consello de Persoal. A asignación destes créditos de tempo fixarase mediante resolución do titular da Dirección Xeral de Persoal, e establecerase no 33% da xornada habitual de traballo en cómputo mensual.

c) A asistiren ás reunións do Consello de Persoal, en pleno ou en comisións, ordinarias ou extraordinarias. A asistencia ás citadas reunións terá a consideración de acto de servizo preferente, polo que os representantes designados e, se é o caso, os seus suplentes, acudirán á convocatoria facendo uso do uniforme regulamentario.

d) A exporen e difundiren os anuncios, comunicacións ou publicacións da súa asociación a través dos medios, procedementos e vías xerais de comunicación electrónica facilitados polo Ministerio de Defensa, a que se refire o artigo 44.1 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

Artigo 8. *Réxime de incompatibilidades.*

1. Será incompatible a designación dun militar como representante ou suplente dunha asociación no Consello de Persoal cando se dea no interesado algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ser designado representante do Ministerio de Defensa.
- b) Estar destinado no estranxeiro ou na Secretaría Permanente do Consello de Persoal, a que se refire o artigo 50.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.
- c) Ser designado representante de dous entes asociativos.
- d) Ser membro do Observatorio da Vida Militar ou estar destinado no seu órgano de traballo.

2. Mediante resolución do subsecretario de Defensa declararase a incompatibilidade sobrevida nun membro do Consello de Persoal.

Artigo 9. *Duración do mandato.*

1. O mandato dos membros do Consello de Persoal representantes do Ministerio de Defensa, nomeados por razón do seu cargo, manterase mentres permanezan nel.

2. O mandato dos representantes das asociacións profesionais manterase mentres a asociación cumpra coas porcentaxes previstas no artigo 48.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, e ata que os órganos de goberno de cada asociación procedan a unha nova designación, de conformidade co disposto no artigo 48.3 da dita lei orgánica. En calquera caso, o representante da asociación no Consello de Persoal e os seus suplentes serán os que figuren inscritos como tales no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas e cuxa designación ou renovación para o período anual correspondente fose publicada mediante orde ministerial, de conformidade co disposto no artigo 3.5 deste regulamento.

Artigo 10. *Perda e suspensión da condición de membro do Consello de Persoal.*

1. Os membros do Consello de Persoal perderán esta condición por algunha das seguintes causas:

- a) Fin do seu mandato ou cesamento no cargo.
- b) Falecemento ou incapacidade sobrevida.
- c) Renuncia, para o caso dos representantes das asociacións.
- d) Cambio a unha situación administrativa en que se teña a condición militar en suspenso, de acordo co regulado na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.
- e) Condena mediante sentenza firme por delito recollido no Código penal ou Código penal militar que supoña pena de perda, suspensión ou deposición de emprego, inhabilitación absoluta ou especial, suspensión de emprego ou cargo público ou prisión.
- f) Incompatibilidade sobrevida, declarada mediante resolución do subsecretario de Defensa.
- g) Finalización do compromiso dos militares que manteñan unha relación de servizos de carácter temporal.
- h) Pase a retiro.

2. A perda da condición de membro do Consello de Persoal declararase mediante orde ministerial, publicada no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». A publicación terá lugar tras a inscrición da perda da condición de representante no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

3. A suspensión da condición de membro do Consello de Persoal, como representante dunha asociación, producirase cando a asociación a que representa non solicítase, antes do 31 de xaneiro de cada ano, a inscrición no Rexistro de Asociacións da declaración responsable anual. A dita suspensión manterase ata que se efectúe a correspondente inscrición.

Artigo 11. *Suplencias dos membros do Consello de Persoal.*

1. Aos suplentes nomeados polas asociacións segundo o disposto no artigo 3.4 recoñécenselles durante todo o período do seu nomeamento os dereitos contidos no artigo 7.

2. Cando o titular perda tal condición de conformidade co disposto no artigo anterior, será substituído temporalmente por un dos suplentes.

3. En caso de ausencia, comisión de servizo ou enfermidade, e en xeral cando concorra algunha causa xustificada, os membros do Consello de Persoal serán substituídos por un dos seus suplentes, polo tempo que dure a causa que orixine a ausencia temporal. Esta substitución deberá ser comunicada e acreditada na Secretaría Permanente, polo menos, vinte e catro horas antes do comezo das sesións.

CAPÍTULO III

Órganos do Consello de Persoal das Forzas Armadas

Artigo 12. *Titulares do Consello de Persoal.*

1. Os titulares do Consello de Persoal son o seu presidente e os representantes, tanto do Ministerio de Defensa como das asociacións profesionais.

2. O Consello de Persoal estará asistido por un secretario permanente, que non terá a condición de titular.

Artigo 13. *Do presidente.*

Son funcións do presidente as seguintes:

a) Desempeñar a representación do Consello de Persoal nas relacións con outros órganos ou entidades e autorizar toda comunicación oficial deste.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día.

c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Asegurar o cumprimento das leis.

e) Visar as actas das reunións e os informes do Consello de Persoal.

f) Constituír ou disolver, por proposta do Pleno, as correspondentes comisións.

g) Designar os membros do Consello de Persoal ou os seus suplentes que formen parte e presidan as comisións, de modo que teñan representación nelas as distintas asociacións e o número dos seus representantes e do Ministerio de Defensa sexa igual.

h) Acordar a exclusión do tratamento de asuntos e materias que, conforme o artigo 46.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, non estean atribuídas ao Consello de Persoal.

i) Remitir ao Observatorio da Vida Militar os informes e actas do Consello de Persoal, segundo o disposto no artigo 54.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

j) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente.

Artigo 14. *Dos representantes.*

1. Son funcións dos representantes, tanto das asociacións profesionais como do Ministerio de Defensa, analizar, valorar e debater as propostas ou suxestións formuladas no seo do Consello de Persoal.

2. Os representantes actuarán baixo os principios de independencia e responsabilidade, e terán dereito a se expresar libremente no exercicio das súas funcións.

Artigo 15. *Do secretario permanente do Consello de Persoal.*

1. O secretario permanente do Consello de Persoal terá condición militar e será nomeado mediante resolución do subsecretario de Defensa publicada no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

2. Corresponde ao secretario permanente do Consello de Persoal:

a) Propor ao presidente a orde do día e preparar a documentación necesaria para a correspondente sesión.

b) Efectuar a convocatoria das sesións.

c) Redactar as actas das sesións.

d) Elaborar as propostas dos informes a que se refire o artigo 50.6 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

e) Recibir as notificacións, peticións, rectificacións ou calquera outra clase de escritos ou actos de comunicación dos membros que o forman.

f) Expedir certificacións dos informes.

g) Despachar co presidente.

h) Someter anualmente ao Pleno, a través do presidente, unha memoria de actividades.

i) Custodiar as actas, unha vez asinadas co visto e prace do presidente, así como calquera outra documentación relativa á súa actividade.

j) Prestar o apoio necesario para lograr a coordinación dos traballos do Consello de Persoal e das Comisións.

k) Recibir, notificar recepcións, rexistrar e tramitar as propostas ou suxestións das asociacións profesionais, independentemente de que estean ou non representadas no Consello de Persoal.

l) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario ou lle sexan atribuídas polo presidente.

3. De conformidade co disposto no artigo 50.7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, o secretario permanente do Consello de Persoal contará cunha secretaría permanente no ámbito da Subsecretaría de Defensa, que o auxiliará nas súas funcións.

4. A Secretaría Permanente do Consello de Persoal contará coa información e o apoio que precise do Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas.

CAPÍTULO IV

Réxime de traballo

Sección 1.^a Funcionamento

Artigo 16. *Reunións.*

O Consello de Persoal, para o seu funcionamento, poderase reunir en pleno ou por comisións.

Artigo 17. *Do Pleno.*

O Pleno do Consello de Persoal estará integrado pola totalidade dos seus membros, baixo a dirección do presidente, asistido polo secretario permanente e axustará o seu réxime de traballo ás normas contidas neste capítulo.

Artigo 18. *Comisións.*

1. O presidente do Consello de Persoal poderá constituír ou disolver, por proposta do Pleno, comisións de traballo con carácter permanente ou temporal, para tratar aqueles asuntos que lle sexan asignados polo Pleno. Corresponderá tamén ao presidente do Consello de Persoal o nomeamento do presidente e do secretario de cada unha das

comisións de traballo, e, en todo caso, na súa composición haberá igual número de representantes do Ministerio de Defensa e das asociacións.

2. Os representantes do Ministerio de Defensa designados como membros dunha comisión poderán delegar a súa participación nela nalgún dos seus suplentes ou nun empregado público do seu órgano directivo. A dita delegación comunicárase á Secretaría Permanente.

Os representantes das asociacións designados como membros dunha comisión poderán delegar a súa participación nela nalgún dos seus suplentes ou noutro membro de pleno dereito da asociación. A dita delegación comunicárase á Secretaría Permanente.

3. As reunións das comisións rexeranse en canto ao seu funcionamento, no que lles sexa de aplicación, polo establecido para o Pleno e non poderán participar nelas outras persoas que non sexan as designadas como membros ou os delegados correspondentes.

Artigo 19. *Da comisión preparatoria.*

1. O Consello de Persoal contará cunha comisión preparatoria das reunións do Pleno, que se reunirá con carácter previo á realización das súas sesións ordinarias ou extraordinarias, para a preparación destas e a elaboración da proposta ao presidente dos asuntos que formen parte da orde do día.

2. A composición desta comisión preparatoria e a designación dos seus membros farase por acordo do presidente do Consello de Persoal, por proposta do Pleno. En todo caso, existirá igual número de representantes tanto do Ministerio de Defensa como das asociacións profesionais.

3. A presidencia desta comisión será desempeñada polo secretario permanente e actuará como secretario dela un funcionario destinado na Secretaría Permanente do Consello de Persoal.

Sección 2.^a Tipos de sesións e orde do día

Artigo 20. *Das sesións do Consello de Persoal.*

1. As sesións poderán ser ordinarias e extraordinarias.

2. Reunirase en sesión ordinaria, para o despacho dos asuntos da súa competencia, polo menos, unha vez cada tres meses.

3. Reunirase en sesión extraordinaria cando sexa convocado polo seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude da maioría dos representantes das asociacións profesionais. Cada representante deberá realizar a súa solicitude mediante escrito dirixido ao presidente, a través da Secretaría Permanente do Consello de Persoal, en que se incluírán os asuntos que se van tratar, xuntando os documentos que para tal fin sexan precisos.

4. As asociacións de militares retirados e discapacitados máis representativas serán convocadas ás reunións do Pleno do Consello de Persoal, para tratar asuntos que poidan afectar os seus asociados, polo menos, unha vez ao ano, de conformidade co previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

Artigo 21. *Convocatoria de sesións.*

1. A convocatoria deberá conter:

- a) Lugar, día e hora da reunión.
- b) Orde do día.
- c) Acta da sesión anterior.

2. Os membros do Consello de Persoal recibirán a convocatoria das sesións do Pleno e os informes e documentación que se precisen no domicilio social da asociación ou polo medio electrónico que se fixe coa respectiva asociación, cunha antelación mínima de sete días para as ordinarias e de dous días para as extraordinarias.

Artigo 22. *Da orde do día.*

1. A orde do día contida na convocatoria da sesión será fixada polo presidente.
2. A comisión preparatoria elaborará unha proposta de orde do día sobre a base das propostas, informes, solicitudes e suxestións recibidas na Secretaría Permanente e formuladas polos representantes das distintas asociacións profesionais. Esta proposta elevarase ao presidente para que, se é o caso, sexa aprobada.
3. A orde do día conterá, polo menos, os seguintes puntos:
 - a) Relación dos asuntos que se van tratar.
 - b) Asociación proponente de cada asunto.
 - c) Presentación e defensa ou, se é o caso, lectura do asunto.
 - d) Orde de participación no debate do resto de membros do Consello de Persoal.
 - e) Rogos e preguntas.
4. Os documentos sobre os cales deba coñecer o Consello de Persoal en cada sesión enviaranse aos seus membros e encontraranse na Secretaría Permanente á súa disposición, desde a data da convocatoria ata a da realización da sesión.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, a non ser que, excepcionalmente, o presidente autorice que se trate no punto de rogos e preguntas.

Sección 3.ª Desenvolvemento das sesións, debates e toma de acordos

Artigo 23. *Desenvolvemento das sesións do Consello de Persoal.*

No desenvolvemento das sesións os seus membros poderán:

- a) Participar nos debates das sesións e formular, se é o caso, reparos á posición común presentada polo presidente.
- b) Formular rogos e preguntas.
- c) Exercer outras funcións que sexan inherentes á súa condición.

Artigo 24. *Inicio das sesións.*

1. As sesións do Consello de Persoal darán comezo coa lectura da orde do día por parte do secretario permanente.
2. Seguidamente tratarase cada un dos asuntos que figuren na orde do día, coa súa presentación e defensa por parte da asociación proponente, cando asista, ou coa súa lectura por parte do secretario nos demais casos.
3. En caso de que se deban tratar asuntos propostos segundo o artigo 2.2, un representante do Ministerio de Defensa exporá a correspondente proposta segundo o establecido na orde do día.

Artigo 25. *Debates.*

Os debates desenvolveranse segundo o indicado na orde do día, e é competencia do presidente moderalos.

Artigo 26. *Informes do Consello de Persoal.*

1. Os informes recollerán os acordos alcanzados nos temas que figuren na orde do día cando, tras os debates correspondentes, se produza consenso entre os representantes das asociacións profesionais e os do Ministerio de Defensa.
2. Entenderase que existe consenso cando non se produza ningún reparo á posición común presentada polo presidente ao finalizaren os debates correspondentes. Esta posición común, en caso de existir, materializarase no correspondente acordo que se recollerá no informe do Consello de Persoal.

3. En caso de que, ao finalizaren os correspondentes debates, exista algún reparo á posición presentada polo presidente, o informe reflectirá as diferentes posicións de cada representación plasmadas nas actas das sesións.

Sección 4.^a Das actas das sesións

Artigo 27. Actas da sesións.

1. De cada sesión que realice o Consello de Persoal levantarase acta asinada polo secretario que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se realizou, os puntos principais do debate que tivo lugar así como, se é o caso, o contido dos acordos adoptados coa posición común correspondente.

2. No caso de que existan reparos á posición formulada polo presidente, a acta reflectirá sucintamente eses reparos e os motivos que os xustifican.

3. Calquera membro do Consello de Persoal terá dereito a solicitar que se xunte á acta o seu reparo á posición común sempre que se achegue no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente co seu reparo, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

4. No caso de que os reparos sexan á totalidade e, por tanto, non exista a posibilidade de chegar a ningunha posición común, a acta reflectirá a postura de cada representante.

5. As actas visaraas o presidente unha vez aprobadas polo Pleno do Consello de Persoal e asinadas polo secretario; este poderá, non obstante, emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da súa ulterior aprobación. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

6. O Observatorio da Vida Militar será destinatario dos informes e actas do Consello de Persoal das Forzas Armadas nos cales quedarán recollidos as propostas ou suxestións formuladas polas asociacións profesionais e os acordos alcanzados.

Disposición adicional única. Asociacións con representación.

1. No caso de que nun período anual de sesións do Consello de Persoal, o número de asociacións que cumpran os requisitos do artigo 48.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, sexa inferior a cinco, actuarase como seguidamente se indica:

a) Se só cumpre unha asociación, asistirán ao Consello de Persoal o representante da asociación e o número de suplentes necesarios para igualar os representantes mínimos do ministerio, indicados no artigo 3.3.

b) Se o número de asociacións que cumpren é de dous, asistirán ás súas sesións o representante de cada asociación e os seus dous suplentes.

c) Se o número de asociacións que cumpren é de tres ou catro, asistirán ás súas sesións o representante de cada asociación e un suplente.

2. En todo caso, os representantes das asociacións serán os únicos que intervirán nos debates formulados no seo do Consello de Persoal.

3. O subsecretario de Defensa comunicará ás asociacións correspondentes a posibilidade de designaren suplentes para asistir á sesións do Consello de Persoal.